



ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 22 DE OUTUBRO DE 2019, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA CASCO ANTIGO DE SAN CRISTOVO DE RIBADAVIA, 6ª FASE (OURENSE). COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. ANUALIDADE 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 22 de outubro de 2019 asinouse o acordo da comisión bilateral relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo de San Cristovo de Ribadavia, 6ª fase (Ourense) da Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A declaración de Área de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural, establecer as condicións das persoas beneficiarias das axudas do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural e o financiamento das actuacións así como determinar os compromisos da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ribadavia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O 26 de xullo de 2018 o Consello da Xunta autoriza a sinatura do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de vivenda 2018-2021, aprobado polo Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, asinándose o mesmo o 30 de xullo de 2018.

Que son obxecto do dito convenio as actuacións que se desenvolvan na aplicación dunha relación de programas do Plan Estatal de Vivenda, entre as que se atopa o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento da Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo de San Cristovo de Ribadavia conforme o artigo 49 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo e co acordado na Cláusula Novena do antedito Convenio que regula a





execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, programándose a edificación de 1 vivenda, así como a rehabilitación de 3 vivendas.

Que a actuación financiada no seu conxunto deberá estar finalizada no prazo máximo de 5 anos desde a sinatura do acordo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria.

